



ALA LÁ

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DA CORUÑA




nº 5 maio 2013

M^{ra} Luisa Nache

Letras Galegas

2013



Maria Vázquez A.
2º G.E.

Roberto Vidal Bolaño

A LA LÁ

SUMARIO



E.D.L.G.

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN
DA LINGUA GALEGA
DO CONSERVATORIO
PROFESIONAL DE
MÚSICA DA CORUÑA

Uxía Vilar
M^a Carmen Ruiz
Emma Pino
Almudena Curros
Mariña Fernández
Abel R. Sánchez

Fotografías:

Raúl Galán
Nuria Díaz
Margarita Viso
Mateo Arnaiz

Deseño e Maquetación:

Abel R. Sánchez

Edita:

Conservatorio Profesional
de Música da Coruña

Imprime:

Fotocopias Conde

Depósito legal: C-2876-2010

I.S.S.N.: 2172-0940

- 2 Saúdo do director *Jesús López Prado*
- 3 M^a Luisa Nache – Soprano *Rosa María Rodríguez García*
- 9 A contorna *Margarita Viso Soto*
- 13 Carta dende Varsovia *Nuria Díaz Mera*
- 17 En lembranza da profesora Victoria Sastre *Reyes Rey Silva*
- 18 Animais músicos e música con animais no románico hispánico *Graciela Trevín González*
- 22 Lembrando a Janos Starker *Helena Patiño de Artaza*
- 23 Intercambio do Departamento de Corda Pulsada do Conservatorio Profesional da Coruña co Conservatorio de Saint-Leu-la Fôret *Mateo Arnaiz Rodríguez*
- 25 Concerto Solidario a favor da O.N.G. "Tierra de Hombres" *Fernando L. Briones e Raúl Galán Cerveró*
- 28 Proxecto de Integración de alumnado con N.E.E. *Isabel Gómez Alonso e Jesús López Prado*
- 34 Nace unha banda *Francisco Javier López Sánchez*
- 37 Campaña de recollida de tapóns de plástico *Isabel Gómez Alonso*
- 38 Adolph 'BUD' Herseth *Miguel Ángel Pardo Teijeiro*
- 41 Comentario sobre o método ElectroSchool *Mateo Arnaiz Rodríguez*
- 42 Así naceu "A Coruña é unha Serea" *Fernando Vázquez Arias*
- 51 O recuncho da creatividade

SAÚDO DO DIRECTOR



Este quinto número da revista A LA LÁ segue sendo un foro onde todos os membros da nosa Comunidade Educativa poden participar.

En primeiro lugar, quero facer referencia a diversas actividades complementarias e extraescolares feitas polo noso Conservatorio que fan del un referente musical na nosa comunidade:

As semanas musicais, os intercambios con outros centros tanto da nosa comunidade como do extranxeiro, as actuacións de distintos departamentos en colexios da nosa cidade, os encontros de música de cámara, a organización de distintos cursos de interpretación impartidos por prestixiosos músicos, os recitais de fin de grao profesional, o concurso de solistas que segue tendo unha gran acollida por parte do alumnado, os actos que conmemoraron o día das Letras galegas, o concerto benéfico a favor da O.N.G. “Tierra de Hombres” que por primeira vez se celebrou no Pazo da Ópera e donde participaron máis de 500 alumnos, e a V edición do concurso musical que organiza o noso conservatorio e que este ano contou co patrocinio do M.A.C., institución que lle queremos agradecer a súa implicación na formación artística do noso alumnado. A participación no II festival “Arte pola igualdade” organizado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Xefatura Territorial de Educación celebrado o 23 de maio no Teatro Colón, no que colaboraron os alumnos do C.E.E. María Mariño con programa de man deseñado polo I.E.S. Leixa de Ferrol, foi tamén un

acontecimento importante, onde ademais dos alumnos do María Mariño, participaron os 5 alumnos de necesidades educativas especiais que están matriculados no noso Centro, a orquestra sinfónica e o coro de G.P. tiveron tamén unha exitosa actuación para un público no que se incluían entre outras autoridades o Alcalde do Concello da Coruña, o Xefe Territorial, e o Director Xeral de Política Lingüística.

En segundo lugar, quero resaltar o gran traballo que ven desenvolvendo o Claustro de Profesores. Froito disto, é a creación deste curso da banda de música infantil que está integrada por alumnos de 3º e 4º curso do grao elemental, que baixo a batuta do profesor Francisco Javier López Sánchez fixo a súa presentación oficial no Pazo da Ópera o pasado 15 de marzo.

En terceiro lugar, quero dar as grazas a todos os membros da comunidade educativa que dalgunha maneira colaboráchedes nos proxectos realizados neste curso, e participáchedes na elaboración desta quinta edición da revista ALALÁ, e en especial aos membros do equipo de dinamización da Lingua Galega, a todos os directores das agrupacións, a nosa coordinadora de Grao Elemental e aos demais membros do Equipo Directivo.

Pero a última liña desta editorial é para a memoria da nosa compañeira Victoria Sastre Canzobre, a quen se lle adicou o tradicional concerto de Santa Icí. Sempre estarás no noso corazón Victoria, nunca te esqueceremos.


Jesús López Prado



M^a LUISA NACHE – SOPRANO 1924-1985

Profesora do Conservatorio de Música e Declamación da Coruña. 1974 -1985

Rosa María Rodríguez García, profesora de piano



M^a Luisa Rodríguez Nache nace na Coruña o 2 de febreiro de 1924 falecendo aos 61 anos nesta mesma cidade, o 20 de outubro de 1985.

Soprano lírico dramática, ela dicía que moi dramática. Verdi foi o seu compositor preferido, especialmente as óperas da última época, “AIDA” “OTELLO” ou “FALSTAFF”, títulos que cantou en numerosas ocasións.

Foi unha das mellores voces españolas da lírica e sen ningunha dúbida, a soprano coruñesa con maior proxección internacional de todos os tempos, cun repertorio de máis de 30 títulos operísticos superando as trescentas representacións.

A súa exitosa carreira desenvolveuse entre os anos 1945 e 1963 en Europa, África e América, actuando nos principais escenarios de España, Italia, O Cairo e Alexandría (Exipto), Arxelia, Alemaña, Holanda, Bélxica, Suíza, Portugal, Hungría, República de Malta, Lima (Perú), Nova York (EE.UU)...

Comeza as primeiras leccións vocais na Coruña coa soprano Bibiana Pérez. Trasládase a Madrid cursando a carreira no Real Conservatorio Nacional sendo o seu mestre o tenor Lorenzo Simonetti. Obtén o Premio Extraordinario de Canto que lle foi concedido por unanimidade.





Perfecciona os seus estudos baixo a dirección da soprano Ángeles Ottein.

En 1946, debuta na Coruña interpretando a Ópera “AIDA” de G. Verdi cun éxito clamoroso, en compañía do famoso tenor lírico español Hipólito Lázaro, con quen volveu cantar en Barcelona.

A continuación viaxa por numerosas cidades de España (Barcelona, Sevilla, Santander, Bilbao, etc.) cantando parte do seu extenso repertorio granxeándolle o entusiasmo de público e prensa, cuxas críticas resaltan as súas calidades vocais e interpretativas e a súa coidada técnica.

En Bilbao canta “A BOHEME” co tenor Franco Corelli, co que anos máis tarde relacionáranse sentimentalmente na prensa italiana.



M^a Luisa Nache e Francesco Merli en Exipto

Ese mesmo ano trasládase a Italia onde continúa cultivando triunfos nas súas actuacións, que son innumerables, o que a levou a instalar a súa residencia en Milán. Conquista o público italiano coa súa voz, a súa simpatía e a súa gran beleza.

Actúa en case todas as capitais de Italia e Suíza, sendo contratada como única soprano española na campaña operística do Cairo e Alexandria (Exipto), onde cantou diferentes óperas, entre elas “OTELLO” de G. Verdi e “AMICO FRIZ” de P. Mascagni co gran tenor italiano Francesco Merli. Esta tempada de Exipto, durou máis de tres meses.



Maria Luisa Nache Desdemona (Otello)

En 1946 canta de novo “OTELLO”, a súa Ópera favorita, co tenor chileno Ramón Vinay, recoñecido como o mellor intérprete da citada obra verdiana.

M^a Luisa era unha persoa sumamente organizada. Deixou testemuño escrito de todas as súas actuacións. Un meticuloso diario artístico no que figura por orde cronolóxica o título da Ópera, a data da representación, os nomes dos seus compañeiros de elenco e os papeis que desempeñaron, quen foi o director musical, o nome do teatro e o caché que percibiu. Facendo gala da súa gran simpatía e sentido do humor, na páxina da Misa de



Rossini que cantou na Capela de Trapani (Italia), fai a seguinte observación: “De balde por ser a Virxe”.

O material legado por M^a Luisa Nache é moi cuantioso pois ademais do xa citado contén fotografías, recortes de prensa con críticas e entrevistas, programas de man, homenaxes, etc. A pesar de dispor dos datos detallados de todas as súas actuacións, nas páxinas da revista “Alalá” non hai cabida para especificar as máis de 300 representacións nas que interveu. Por iso limitareime a expor unha lista das Óperas do repertorio que interpretou e o número de veces que cantou cada unha delas.

1. “AIDA” de G. Verdi- (23 representacións)
2. “AMAYA” de J. Guridi- (9 representacións)
3. “AMICO FRIZT” de P. Pascagni – (9 representacións)
4. “ANDREA CHÉNIER” de U. Giordano- (9 representacións)
5. “CARMEN” de Georges Bizet- (8 representaciones)
6. “CAVALLERIA RUSTICANA” de P. Mascagni- (14 representacións)
7. “DAFNE” de R. Strauss- (3 representaciones)
8. “DON GIOVANNI” de W.A.Mozart- (2 representacións)
9. “FALSTAFF” de G. Verdi- (6 representacións)
10. “GUGLIELMO TELL” de G. Rossini- (3 representacións)
11. “I PURITAN” de V. Bellini- (3 representacións)
12. “IL TROVATORE” de G. Verdi- (44 representacións)
13. “LA BOHEME” de G. Puccini- (3 representacóns)
14. “LA FANCIULLA DEL WEST” de G. Puccini (3 representacións)
15. “LA FIAMMA” de O. Respighi- (3 representacións)
16. “LA FORZA DEL DESTINO” de G. Verdi- (21 representacións)
17. “LA LLAMA” de J. M^a Usandizaga- (3 representacións)
18. “LA TRAVIATA” de G. Verdi- (32 representacións)
19. “LOHENGRIN” de R. Wagner- (4 representacións)
20. “LOLA LA PICONERA” de Conrado del Campo- (8 representacións)
21. “MADAME BUTTERFLY” de G. Puccini- (4 representacións)
22. “MANON” de J. Massenet (6 representacións)
23. “MANON LESCAUT” de G. Puccini- (6 representacións)
24. “MEDEA” de L. Cherubini- (5 representaciones)
25. “MENDI- MENDIYÁN” de J. M^a Usandizaga- (4 representacións)
26. “OTELLO” de G. Verdi- (26 representacións)
27. “PAGLIACCI” de R. Leoncavalli- (9 representaóns)
28. “TEMPO DE CARNAVALE” de G. Farina – (1 representación)
29. “TOSCA” de G. Puccini- (55 representacións)
30. “TURANDOT” de G. Puccini- (5 representacións)
31. “UN BALLO IN MASCHERA” de G. Verdi- (6 representacións)



Compartiu escenario, entre outros, con:

Ramón Vinay, Francesco Merli, María Callas, Gino Penno, Franco Corelli, Mario Guarnieri, Piero Biasini, Antonio Annaloro, Bianca Maggi, José Soler, Irma Colasanti, Enzo Viaro, Vasco Campagnano, Mario Pasquetto, Piero Campolononi, Yolanda Gardino, Giulio Lucchiari, Piero Guelfi, Ángela Segada, Mino Cavallo, Fausta Rambaldi, Renzo Pigni, Britta Devinal, Angel Anglado, Mario Filppeschi, Augusto Beuf, Conrado Zambelli, Gino Sarri, Dorian Braun, Alvino Misciano, Piero Gelli, Ángelo Mercuriali, Enrique de la Vara, Herminio Ezquerro, Jesús Gaviria, Carlos Bichandut, Agostini Lazzari, Antonio Spruzzola, Romano Roma, Inés Rivadeneira, Primo Zambruno, Otello Bersellini, Giovanni Malipiero, Fedora Barvieri, Salvatore Puma, Giulio Liparini, Guglielmo Ferrara, Gianna del 'Orto, Dino Mantovani...



Foi dirixida por:

Leonard Bernstein, Hans von Benda, José Luis Lloret, Giuseppe Podestá, Federico del Cupolo, Giacomo Savini, Giuseppe Morelli, Manno Wolf Ferrari, Riccardo Bottino, Luigi Cantoni, Giannella di Marco, Enrico Pessina, Ramón Usandizaga, Leopoldo Casella, Nino Sanzogno, Jesús Guridi, Maestro del Campo, Giovanni di Santis, José Anglada, Manrico de Tura, Bruno Bogo, Pasquale de Angelis, Alberto Erede, Mario Parenti, etc.



En 1953, no Teatro Alla Scala de Milán Mª Luisa canta “MEDEA” de Cherubini (Glauce) xunto a María Callas (Medea) e Ginno Penno (Giasoni) dirixidos por Leonard Bernstein.

A representación desta Ópera foi gravada en directo.

Mª Luisa Nache deixou os escenarios cando estaba na cima do éxito, aplaudida polo público, encomiada pola crítica, requirida polos empresarios e con varios contratos para unha nova xira. Seu pai falecera e decidiu volver a Coruña para acompañar a súa nai que



non quixo trasladarse a Italia con ela. Viaxou a Hungría para cumprir cos compromisos asinados, sendo as últimas actuacións operísticas da súa vida artística.

Entre 1964 e 1985, foron numerosos os recitais ofrecidos por M^a Luisa Nache con obras do repertorio operístico, de zarzuela e de Cancións de compositores galegos (G. Baudot, Rogelio Groba, A. Anta Seoane, F. Piñeiro, etc.).



Na Coruña comeza unha nova faceta, a docencia, á que se entrega con entusiasmo. Son moitos os alumnos que acoden a estudar coa Nache desde diversos lugares de España.

En 1974 entra a formar parte do claustro de profesores do Conservatorio da Coruña no que desenvolve un gran labor transmitindo os seus grandes coñecementos e experiencia. Na aula relataba anécdotas que vivira nos escenarios coa

peculiar graza que a caracterizaba, acompañadas da súa contaxiosa risa. Era moi querida e respectada polos seus alumnos e compañeiros.



Foi nomeada Académica de Número da Real Academia Galega de Belas Artes o 12 de febreiro de 1976. O discurso de ingreso versou sobre “Voces Galegas” sendo contestada por Manuel Chamoso Lamas. Nunha entrevista concedida con motivo deste nomeamento, dicía: O discurso prodúceme máis inquietude que actuar nunha Ópera, se alguén lle puidese por música preferiría cantalo, “non teño os nervios adestrados para falar”.

Descubriu na pintura unha nova manifestación artística e decidiu asistir a clase para aprender a manexar os pinceis, mesturar as cores...Dicía que non era boa pintora pero que a relaxaba moito.



Anteriormente atopara na agulla e o dedal, unha excelente axuda para tranquilizarse antes dos ensaios ou representacións. O espectacular traxe que luciu en Turandot e que estreou en Oviedo confeccionouno ela. A enorme cola ten bordado en abelorios un inmenso dragón. É unha auténtica xoia que hoxe garda a súa sobriña e que debería estar conservado nalgún museo.

A morte sorprendeu a M^a Luisa dando clase no seu domicilio o 20 de outubro de 1985. Da triste noticia fixose eco a prensa europea especialmente a italiana, onde residira e desenvolvera gran parte da súa etapa artística.

Desde as páxinas de “Alalá”, o noso entrañable e cariñoso recordo á que foi profesora deste Conservatorio e gran soprano **M^a Luisa Nache**.



Traxe de Turandot





A CONTORNA

Margarita Viso Soto, profesora pianista acompañante

No verde do recinto escolar que nos rodea viven moitas aves que cos seus cantos e as preciosas cores das súas ás alégrannos a vida: son os músicos da natureza, verdadeiros mestres na arte dos sons. Son seres libres, para os que non existen as fronteiras, o mesmo que para a arte musical que pode voar por todo o planeta.

Aquí presentanse algunhas das aves que viven no noso recinto. Hai outras máis que nos frecuentan, pero non pousaron para a sesión fotográfica do 22 de marzo, como o carrizo, os diversos ferreiriños, os estorniños, as lavandeiras brancas, os liñaceiros, os picafollas, etc.



Gaivota patiamarela. *Larus cachinnans*. Realmente non se pode decir que cante, máis ben, berra. Como estamos moi cerca do mar, veu por aquí dar unha volta e pousouse no tellado do "hórreo".



Merlo común. *Turdus merula*. Ten un canto precioso, con rexistro de clarinete, e, con frecuencia canta ata pola noite. Hai quen di que asubía

Os que se deixaron retratar tédelos nas fotos.

Os primeiros ornitólogos foron con toda seguridade, sen eles sabelo, os poetas, que dende antigo souberon escoitar a natureza e louvala. Os poetas galegos non son unha excepción e son numerosísimos os seus poemas nos que nos falan de diversas aves.

O poema que hoxe reproducimos aquí é un pouco especial porque está

adicado todo el aos paxaros, sendo posiblemente o poema en lingua galega que contén un meirande número de nomes destas aves, que destacamos en cursiva.



O seu autor é Emilio Saco y Brey, de quen apenas coñecemos datos biográficos, salvo que era avogado e impresor e que publicou diversos escritos tratando temas de importancia para Galicia como a emigración. Este poema publicouse no “Álbum de Caridad” que é a primeira antoloxía, como tal, da literatura galega.

O “Álbum de Caridad” foi unha publicación (1862) consecuencia dos primeiros Xogos Frorais de Galicia e, como o seu nome indica, tiña fins benéficos a favor dos orfos.

O 2 de xullo de 1861 celebráronse no Teatro Rosalía os primeiros Xogos Frorais de Galicia. Neles, por certo, a música que acompañaba estaba dirixida por Canuto Berea, de quen se interpretou a súa célebre muiñeira “La Alfonsina”. Como consecuencia destes Xogos Frorais, acordouse publicar as composicións poéticas premiadas e, ademais, engadir un “Mosaico poético” de poetas contemporáneos. O resultado, con fines benéficos como queda dito, foi o “Álbum de Caridad”, que é unha abultada antoloxía de múltiples poetas.



Pardal común. *Passer domesticus*.
Máis que cantar, chía.



Paporrubio común. *Erithacus rubecula*.
Outro gran cantante, pero ten que estar inspirado,
no alto dun pousadoiro señoreando o seu territorio.



A LA LÁ



Rabirubio tizón (femía). *Phoenicurus ochruros*.
É bastante tímido para cantar e non o fai moi a miúdo.



Verderolo común. *Carduelis chloris*.
O seu canto ten un aquel parecido ao do canario



Xirín común. *Serinus serinus*.
O seu é un continuo frullato.
Canta todo o día incansablemente.



Xilgato común. *Carduelis carduelis*.
Especialista en froleos, trinos e todo tipo de adornos.



Rula turca. *Streptopelia decaocto*.
O seu arrollo acaríñanos con frecuencia.



A OS PAXAROS

Canta ti, *verderoliño*,
Canta ti tamen, *gilgueiro*,
Canta ti, meu paxariño,
Nas ramiñas do loureiro
Nos pinos e nas pereiras
Nos carballos e milliños
Nas frores e nas maceiras
E nas pòlas dos sanguíños.

Ti, *merlo* subiadador,
Non pares d'asubiar,
Ferreirolo encantador
Nons pares non de cantar
Nas devesas e nos soutos
En carqueijas e tojales
Nos peñascos e petoutos
Silveiras e cereijales.

Ti, bonita *carrisiña*,
Que decote vas cantando
E de froriña en froriña
Voando e revoando,
Non olvides os cantares
Ai, non-os olvides non,
Ven cantar òs pinares
Da ermida de San Antón.

E ti, *reiseñor*, tamen
Que o mellor paxáro eres
Ai, ti que cantas tan ben
E que cantas canto queres,
Canta ti no claro día
Canta ti na noite escura
Deixa oír a melodía
Do monte na espesura.

E ti, *anduriña* rastreira
Ti que ès a paxariña hermosa
Ti que pol-a primaveira
Indo vas de rosa en rosa
E nos vès a visitar
Atravesando esos mares
Non pares, non, de cantar
Non pares, non, aí! Non pares.

Labercas e máis *cuquiños*
Pardillos d'estes arrós
E tódol-os paxariños
Que na terra criou Dios,
Cantade nos limoeiros
Cantade nos canavales
Cantade nos laranjeiros
Cantade nos ameixales.

Teño a yalma ben dorida
Feridiño o corazón
Sufro as penas nesta vida
Cautivod'unha pasión:
Sólo as vosas cantiguñas
Algo alivian o meu mal,
Paxáros e paxariñas
Cantores do noso val

Emilio Saco y Brey



A profesora de piano **Nuria Díaz Mera** atópase en Varsovia, capital de Polonia, ao longo deste curso, realizando un postgrao de perfeccionamento da interpretación pianística na Universidade de Música Fryderik Chopin, ao tempo que participa no programa europeo Comenius de formación continua para profesorado, observando como se imparten as clases de piano na Escola Estatal Szymanowski. Pedímoslle que nos escribira unhas verbas e isto foi o que nos enviou...



CARTA DENCE VARSOVIA

Ola amigos:



Comezo a
escribir esta
carta namentres
agardo o meu
turno para
practicar nunha
das aulas da
Universidade,

ben cediño pola
mañá. Coido que é un bo punto de
partida! Como ben debedes saber
todos os futuros pianistas que nos
ledes compartirmos un tempo a diario
co instrumento é o que éste nos pide
para poder agasallarnos co
marabilloso mundo de sons agochado
no seu interior. Na procura de novos
e mellores deses agasallos partín vai
uns meses cara Varsovia. Nesta idea,
longamente aloumiñada, tivo moito
que ver a miña querida mestra
Carmen Deleito, quen estudou na
daquela Academia Chopin, aló polos
anos 70 e sobre todo, por riba de
todo, a inclinación natural que sinto
pola música de Chopin.

Se aínda é que se pode falar de
“escolas pianísticas” neste mundo
globalizado no que vivimos, a escola
polaca se identificaría de cheo coas

características do seu músico mais
universal. Cando un chega a Polonia
decátase en pouco tempo de que as
súas xentes valoran a tradición
pianística do país, considerándoa o
seu maior ben cultural. A cuestión
mestúrase con fortes implicacións
patrióticas: Chopin é venerado non
somentes coma músico nacional,
senón tamén coma o heroe polaco por
excelencia, símbolo da resistencia
deste país longamente castigado pola
Historia. O piano de Chopin deu voz á
súa alma como pobo. Sabedes que o
Museo Chopin, situado a carón da



Recibindo clase na UMFC, co prof. R. Sanjinez,
asistente da cátedra do prof. J. Romaniuk



universidade, é o maior museo do mundo adicado a unha soa persoa? Resúltame abraiante visitalo e comprobar o exhaustivamente que se coñece a súa vida e obra. Especialmente interesante é a parte da exposición adicada ao Chopin profesor, na que un pode seguir o rastro da tradición pianística polaca dende os seus principais alumnos - Marcelina Czartoryska, Karol Mikuli, Zofia Zaleska e Ignacy Krzyżanowski - e case que chegar ao presente, xeración tras xeración, até os que serían os “bisnetos musicais” nesta especie de árbore xenealóxica. Un dos alumnos de Mikuli, Aleksander Michałowski, foi o impulsor do famosísimo concurso Chopin, en 1927. Entre os seus alumnos cito a Wanda Landowska, Vladimir Sofronitsky, Władysław Szpilman e tamén ó famosísimo autor do libro “Arte do piano” Heinrich Neuhaus.

Esta figura capital do pianismo ruso recibiu moita influencia polaca, entre outros de Karol Szymanowski, Leopold Godowsky. As relacións musicais ruso-polacas son estreitas, malia a rivalidade e a problemática política que acompaña a estes dous países... Outro polaco a quen tendes que coñecer foi Leszetycki, o mais famoso mestre de todos os tempos, inda que o seu centro de actividade sempre estivo en Viena.

Agora que vos expliquei dabondo “porque Varsovia”, coido que cómpre saibades o “como”... Estou a aprender de dous xeitos, ambos os dous igual de importantes.



Por unha banda, as clases de piano que recibo na Universidade achéganme máis e máis aos principios básicos deste canon estético “alla polacca”.



Ao meu entender consisten en:

- Busca da maior calidade do son, a través da liberdade do brazo e da articulación sobre a punta dos dedos.
- Pulsación firme, sólida e segura.
- Rigor na construción rítmica, entendido como o paso previo para acadar a naturalidade no fraseo, libre de afectación.

A orixe deste ideal sonoro está no estilo expresivo chopiniano: o canto como modelo supremo, a nobleza e a simplicidade na expresión, o nervio dramático. Sempre a técnica de todo o corpo ao servizo da idea musical, nunca ao revés.



Tedes notables exemplos deste estilo de interpretación, se ben non me quero estender de novo cunha chea de nomes para nos de estrana

pronunciación, non podo deixar de citar aos máis famosos: Ignazy Jan Paderewski (unha personaxe apaixonante que tamén chegou a ser primeiro ministro de Polonia), Józef Hoffmann, o inigualable Arthur Rubinstein até chegar nos nosos tempos a Krystian Zimerman (insuperable a súa versión das 4 Baladas, non vos parece?).

O outro interese que me moveu ata aquí foi a curiosidade por atopar bos exemplos de como dan os primeiros pasos na educación musical formal os pequerrechos polacos. Por iso contactei co director da Escola Estatal nº 4 de Varsovia, que leva o nome doutro ilustre compositor polaco: Karol Szymanowski. Esta escola é o que nos chamariamos un centro integrado. Os rapaces reciben a súa formación musical e xeral no mesmo lugar. Ademais tamén poden optar a ir só á escola de tarde, o que equivale ao noso sistema do Conservatorio. Existen outros dous centros destas características na cidade, cinco escolas de primeiro grao, para nenos de 6 a 12 anos, e outras 4 de segundo grao, para estudantes de 12 a 18 anos. Varsovia é unha cidade de 1.7 millóns de habitantes, para que vos fagades unha idea da oferta pública de educación musical.

Teño que dicirvos que os nenos polacos que estou a coñecer aquí estudan arreo e teñen unha disciplina e unha seriedade fóra do común. Os corredores da escola énchense cos seus xogos infantís, pero dentro da aula de piano



semellan mudar en “pequenos profesionais” e amosan un profundo respecto á Música e ao profesor.

Unha das causas pode ser a atitude dos pais, moitas veces presentes nas leccións de instrumento. Sábense privilexiados por teren acceso a esta educación tan especializada. Teñen os estudos musicais dos seus fillos na máxima consideración: estes estudos son un motivo de orgullo para toda a familia. Por suposto ocorre o mesmo que nos nosos Conservatorios (inda que teñamos que ter en conta as diferencias sociais e culturais): polo xeral os alumnos que estudan Música adoitan estar por riba da media dos alumnos da educación primaria e secundaria xeral.

Ao participar no Programa Comenius estou a obter moita axuda e información sobre a estrutura da escola, os contidos educativos e os métodos empregados. Estou moi agradecida ao persoal e ao profesorado da Escola Szymanowsky polas facilidades que me ofrecen. E non me quero esquecer de Oskar, Telimena, Regina, Szimon... e todos os pequenos e mozos que aturan a miña presenza nas súas clases!

Polo dagora estas son todas as novas que vos podo dar. Permitídemme que envíe unha aperta especial para as miñas alumnas, ás que estrano moito. E para todos... Que a Música vos acompañe e vos faga felices!

Nuria

P. D. En memoria da profesora Jeannette Romero

WEBGRAFÍA

www.en.chopin.nifc.pl
www.chopin.edu.pl
www.szymanowski.edu.pl
www.chopin.museum/en
www.chopin.strefa.pl
www.cultura.pl/web/english/resources-music-full-page





EN LEMBRANZA DA PROFESORA DE PIANO VICTORIA SASTRE CANZOBRE

Reyes Rey Silva, profesora de piano



O 1 de novembro de 2012 falecía despois dunha fulminante enfermidade a miña queridísima amiga e compañeira Victoria.

Coñeciámonos dende a adolescencia xa que as nosas respectivas nais, Carmiña ámbalas dúas, foran compañeiras de xuventude nas clases de corte e confección. Aínda que eu era maior ca ela sempre nos levamos moi ben; quizais vía en min a figura da irmá maior que non tivera. A súa infancia foi

realmente dura polos problemas de saúde que padecía, pero era unha sufridora e apenas se queixaba das súas dores, acostumándose a vivir con elas.

Victoria era moi amiga dos seus amigos, alomenos así mo demostrou constantemente ao longo da súa curta vida. Estivo sempre aí cando a precisei nos momentos difíciles, como cando me trasladaron ao Conservatorio de Lugo; durante dous longos anos de destino non pasou unha semana na que non me chamara para darme ánimos e levar mellor a soidade.

Tamén durante as duras probas das oposicións sempre me acompañou e deume todo o seu apoio nos peores momentos desa difícil etapa da miña vida.

Agora que me xubilo, tampouco podo esquecer as súas verbas cando dicía que ela se encargaría de organizar a miña despedida. Quen ía pensar! Igual que cando se angustiaba temendo pola saúde de Carmiña, súa nai, xa que non podía imaxinar a idea de perdela.

Victoria, marchaches tan cedo... non nos deches case tempo a despedirnos e moito menos a asimilalo. Non pasa un só día que non te lembre, pero quero quedar con todos e tantos momentos bos que vivimos xuntas.

Un bico, Victoria; o teu recordo sempre me acompañará.

A túa amiga, Reyes Rey



ANIMAIS MÚSICOS E MÚSICA CON ANIMAIS NO ROMÁNICO HISPÁNICO

Graciela Trevín González, nai de alumnos

Este artigo é un resumo dun estudo feito polo catedrático Don Faustino Porras Robles.

A existencia do home sempre estivo vencellada á dos animais por diferentes tipos de relacións: simbólicas, económicas e estéticas. As simbólicas intentan personificar (“animalizar”) conceptos ou ideas, creando conexións entre o aspecto físico ou comportamento dos animais e os vicios ou virtudes humanas. Son as responsables das representacións de animais músicos.

Por outra banda, as relacións económicas reflicten circunstancias da vida cotiá nas que interveñen de xeito conxunto animais e humanos; son as responsables das representacións de música con animais.

Na arte románica abundan estes tipos de figuracións, potenciando ou modificando o contido iconográfico coa introdución de instrumentos musicais.

ANIMAIS MÚSICOS (Relación simbólica)

O significado simbólico áchase en moitas obras de Heródoto, Plinio o Vello, Aristóteles... e xa, en plena Idade Media, no libro O Fisiólogo e nos bestiarios. Como ningún destes textos tiña carácter científico, non é raro atopar que un mesmo animal teña distintos ou opostos significados. Así, o can é símbolo de fidelidade e igualmente de impureza, polo seu costume de reinxerir o vomitado; o asno pode significar humildade pero tamén torpeza e vaidade; a cabra é a imaxe da toleira, do malo, aínda que cando aparece nas montañas pode representar a Cristo que ama a todo o que está próximo ao ceo.

Estes dous últimos, asno e cabra, son os máis representados no románico facendo soar un instrumento musical.



O Asno Músico

Considerados os burros como imprescindibles pola súa docilidade e rusticidade para os traballos de carga e labours, tamén son exemplo de torpeza e necidade.

No contexto musical as referencias chegan dende a antigüidade nas obras de Esopo e Fedro (O Asno e a Lira) ata hoxe nos ditos populares (“non criou Deus o burro para músico”); na arte románica podemos acercarnos ao Pazo Real de Estella e




descubrir no muro sur, no chapitel superior do lado oriental, un burro arpista acougado nun pequeno trono tanguendo as cordas, mentres o está a escoitar un can que semella marcar o compás coa pata. O instrumento do asno é unha arpa triangular pequena de lados rectos con 6 caravillas no lateral visible.

Esta escea alude á expresión latina “asinus in scanno, se vult similare magistro” (o asno no escano crése mestre), utilizada para mentar ao ignorante que se atribúe funcións para as que non está capacitado.

En Palencia, na igrexa de San Martín de Frómista, un burro de longas orellas pousa unha arpa salterio nas patas traseiras mentres fai soar as catro cordas coas dianteiras. Amosa isto o concepto pexorativo desta época respecto da música profana e de quen a executaba. Segundo Guido d'Arezzo en *Regulae Rythmicae*: “... Grande é a distancia que hai entre músicos e cantores; estes cantan, aqueles coñecen canto constitúe a música. Ao que fai o que non sabe pódese definir como besta”.

No Mosteiro de Sijena (Huesca), na sala capitular, había unha escea lúdica enfrontada ao serio rei David, composta por un burro tocando a arpa, unha cabra bailando ao ritmo da melodía, un gato facendo soar o salterio e un can pasando o prato. A arpa era “gótica”, coa consola curva e corpo moi esvelto e o salterio rectangular. Podemos ter constancia desta representación grazas á existencia dunha boa base documental e fotográfica previa ao arrepiante lume que a asolou en 1936.



Queda falar do burro flautista, famoso pola fábula de Iriarte, baseada no relato “Febo e Pan” das *Metamorfoses* de Ovidio; non gustaba como modelo iconográfico no románico hispánico, polo que, se o queremos escoitar tocando a frauta de Pan, só nos queda achegarnos á igrexa de Santa María do Camiño de Carrión dos Condes, Palencia.




A Cabra Música

“Cabra loca, desgraciado al que le toca”.

A consideración negativa deste animal foi común no románico e isto serviulle aos escultores para establecer unha analoxía fácil coa música profana, especialmente á




dos xogares, sendo doado atopar cabras arpistas nos canzorros das igrexas.



Na Basílica de San Prudencio de Armentia (Vitoria), en dous canzorros absidiais colocados hoxe no muro sur, toca unha cabra un cordófono mentres actúa un contorsionista. Este instrumento, sostido cos pezuños, é unha rota ou arpa-salteria triangular con caravillas a ambos lados da parte superior da caixa, pontes elevadoras das cordas e dous tornavoces con forma de cruz no lado frontal.

Outra cabra semellante, aínda que mais burda, loce nun canzorro do ábside da igrexa de Santiago de Arlós (La

Lloreza, Asturias) e un castrón que fai soar unha arpa cos pezuños na igrexa de Santa María de Yermo (Cantabria).



Bóvidos Músicos

Son pouco representados, pero chaman a atención un boi tocando unha fidula oval cun arco de gran tamaño mentres baila un home (Claustro de Santa María de L'Estany- Barcelona) e unha escea composta por un tocador de xiga, un bóvido cunha rota colgada do pescozo e outro músico cun dolio de corpo elíptico (Ermida da Nosa Señora do Val en Monasterio de Rodilla, Burgos).

Esta última pode ter ambiguo significado e querer representar unha típica escea xogaresca con músicos e animais amestrados, ou ben, aludir de novo á música baldeira e van.

MÚSICA CON ANIMAIS (Relacións económicas)

A música e os animais quedan reflectidos en vivencias cotiás que os escultores representan, como as cazarías e as esceas de xogaría.

Cazarías

A caza era unha actividade básica para as clases sociais elevadas da Idade Media, servía de preparación para a guerra e proporcionaba víveres.

A figura máis importante aquí era o encargado de dar os toques cos que se





avisaba do inicio da cazaría, da localización das présas ou da solta da manda. Para este fin utilizábase un corno natural, sen orificios modificadores do son, curvo e de sección cónica, ao que, pasado o tempo, se lle engadiu unha boquilla pequena na parte máis estreita para aumentar a potencia do son pero non a súa variedade.

Esceas de xograría

Nestas representacións aparecen xograres cos seus instrumentos musicais acompañados nas súas actuacións de animais. Estes amosan algunha habilidade (bailar ou pasar o prato) a cambio dun pequeno sustento.

Na igrexa de San Pedro de Trasalba (Ourense), un chapitel da portada principal amósanos un músico cun saial plisado que sostén na man esquerda unha fídula oval, co mango curto e caravilleiro redondeado; ao seu carón fica unha persoa espida de menor tamaño cantando ou relatando e un cuadrúpede amestrado movéndose ao son da melodía.



En Palencia, na igrexa de Asunción de Perazancas, nunha arquivolta aparece un oso amestrado xogando cun obxecto esférico mentres un músico fai soar un instrumento, unha caixa triangular cos lados rectos e oito ou nove cordas tendidas sobre a tapa harmónica superior, paralelas a esta. É un dulcémele, variante do salterio, que se utilizará ata o renacemento xa convertido en clavicordio.

E para rematar, salientar unha métopa entre canzorros na igrexa de San Miguel de Sotosalbos (Segovia), que nos ofrece un curioso grupo formado por un músico cunha xiga, unha danzarina cun pandeiro cadrado e un can amestrado que baila ao ritmo da música sobre as patas traseiras.

Animais, Música, Vida. Sempre xuntos.



LEMBRANDO A JANOS STARKER

Helena Patiño de Artaza, alumna de 1º grao profesional violoncello

O profesor e violoncellista húngaro-americano Janos Starker, considerado un dos máis importantes e talentosos músicos do século XX, finou o pasado 28 de abril de 2013 aos 88 anos en Indiana, Estados Unidos.



Starker naceu en Budapest, Hungría. Con só 6 anos xa tocaba o violoncello na Academia Liszt. Cando estalou a Guerra Mundial Starker vivía en Budapest, mesmo foi preso e pasou 3 meses nun campo de concentración. Porén, converteuse no violoncellista principal da Ópera de Budapest e da Orquestra Filharmónica de Budapest logo do conflito.

A súa carreira proseguíu con éxito e conseguiu o premio Grand Prix du disque pola súa interpretación da sonata para violoncello solo Op. 8 de Zoltán Kodály.

En 1948, Starker ocupou a praza de violoncellista principal na Orquestra sinfónica de Chicago e seis anos despois marchaba para dedicarse á docencia na Universidade de Indiana e continuar a súa carreira como solista.

O profesor Starker foi moi apreciado polos seus estudantes tanto polos seus grandes coñecementos como pola súa sensibilidade e xenerosidade para mostrar os erros dos alumnos sen ferir os seus sentimentos e axudándoos sempre a atopar o seu propio son.

A verdade é que eu non coñecía este autor ata que o meu profesor me comunicou o seu pasamento. Non escoitara nada del polo que busquei información e gravacións. Impresionoume moito o que escoitei pola forma de tocar, a posición das mans e o bo son que tiña. Tocou moi ben obras con moita dificultade e cun son realmente traballado e bonito que atrapa ao que escoita. Tal vez tamén vos *atrape* a vós.



INTERCAMBIO DO DEPARTAMENTO DE CORDA PULSADA DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DA CORUÑA CO CONSERVATORIO DE SAINT-LEU-LA FÔRET

Mateo Arnaiz, profesor de guitarra

O pasado mes de marzo, dez alumnos e dous profesores do Conservatorio Profesional de Música da Coruña realizaron unha viaxe a Francia para pechar o intercambio co Conservatorio de Saint-Leu-la-Fôret que se iniciou o ano pasado coa visita dos alumnos de dito conservatorio para realizar un concerto no noso centro.



A viaxe dos nosos alumnos iniciouse o día 20 de marzo e terminou o 24 de marzo. O concerto tivo lugar o 23 de marzo





nunha sala da casa do concello. Ademais de moito traballo para a realización do concerto os alumnos tiveron a ocasión de visitar París en varias ocasións e de compartir momentos, tanto cos seus compañeiros como cos alumnos franceses, que non esquecerán en moito tempo.





CONCERTO SOLIDARIO

a favor da O.N.G. "Tierra de Hombres" o 20 de marzo de 2013

Fernando L. Briones, director da Orquestra Sinfónica

Raúl Galán Cerveró, director da Banda Xuvenil

Eran as dez e media da noite e nas proximidades do Pazo da Ópera de A Coruña, aínda había xente comentando o evento que acaba de ter lugar: o maior compromiso do noso conservatorio en toda a súa historia, no que participaron máis de 500 nenos coas súas respectivas agrupacións: Orquestra Infantil, Orquestra Xuvenil, Orquestra Sinfónica, Banda Infantil, Banda Xuvenil, Banda Sinfónica, Grupo de Percusión Attacca, Coro de Grao Profesional e o Coro Infantil. E, ademais, todos cun único obxectivo: colaborar coa O.N.G. "Tierra de Hombres", institución que fai posible que se poidan seguir trasladando a nenos e nenas de países de África onde



“Tierra de Hombres” ten delegación. Nenos e nenas que teñen enfermidades graves e non poden ser operados nos seus países por carecer dos medios económicos e a tecnoloxía necesaria, o que permite a súa curación, e non estar condenados ao sufrimento e en moitos casos falecer por falta de atención médica. Como todos os anos o noso conservatorio realiza concertos solidarios

e participa en actos pola integración, a favor da infancia e en contra da violencia, xa que a formación en valores é unha parte moi importante da educación.

Pero este concerto ten unha longa historia detrás que comeza coa petición de colaboración do conservatorio de Raúl Besada, delegado de “Tierra de Hombres” en Galicia, e a



Fernando L. Briones - Orquestra Sinfónica



súa aprobación nun consello escolar o 24 de outubro de 2012, dentro do plan xeral anual do centro. Logo viñeron varias reunións cos profesores responsables das agrupacións, a preparación das obras, a organización do concerto, colaboración co I.M.C.E., a O.S.G., tarimas, disposicións diferentes para cada agrupación, en definitiva, optimizar todos os recursos ao noso alcance para que este reto puidese chegar a bo fin. É necesario destacar a organización de Isabel Gómez, que asumiu a función



Javier López - Banda Infantil

familiares, tivemos a oportunidade de escoitar todas as agrupacións do centro. Durante case 3 horas pasaron polo escenario máis de 500 alumnos, e apenas houbo movementos nas butacas. Tamén a T.V.G. tivo unha conexión en directo co concerto. Foi unha tarde moi especial.


Queremos agradecer a todos os alumnos, profesores e familiares que ese día acudiron a ver aos seus pequenos e apoiar o proxecto “Viaje Hacia la Vida”.



Marta Cristóbal - Orquestra Xuvenil

de rexedora e fixo que todo fluíse. Toda a comunidade educativa involucrouse dun xeito moi intenso, sendo o resultado un magnífico concerto que deixou satisfeitos a todos os que encheron o Pazo da Ópera.

Había unha enerxía moi positiva no ambiente, os alumnos axudábanse uns a outros, e foi unha das poucas ocasións nas que todos, alumnos, profesores e



Miguel Castro e Xavier Sabater - Attaca



Raul Galán - Banda Xuvenil



Julio Cabo - Banda Sinfónica



Arantxa Vera - Orquesta de Corda Infantil



PROXECTO DE INTEGRACIÓN DE ALUMNADO CON N.E.E.

Música para todos

Isabel Gómez Alonso, profesora de linguaxe musical

Jesús López Prado, profesor de clarinete e director do centro

O Conservatorio Profesional de Música da Coruña é un centro que sinte a preocupación pola integración social das persoas discapacitadas. Dende fai 8 anos acariñaba a idea de pór en marcha unha iniciativa específica e pioneira na nosa comunidade autónoma: achegar a vivencia e o goce da música ás persoas con discapacidade que tivesen aptitudes musicais. Persoas estas que, habitualmente, non adoitan ter fácil acceso a bens culturais como é o caso da educación musical.

No conservatorio temos o pleno convencemento de que, aínda que o grao de predisposición cara á música é diferente en cada persoa, ninguén está incapacitado para a música. Para o goce da música non existen limitacións nin barreiras. Na súa concepción da música como medio de expresión e de comunicación, entendemos o traballo coas persoas con discapacidade como un medio de potenciar nelas tanto o seu goce persoal como a súa inserción social.

Para conseguilo, neste centro puxéronse varios proxectos en funcionamento:



1º. CONCERTO MÚSICO SENSORIAL: MÚSICA PARA TI, MÚSICA PARA MIN.

Esta iniciativa foi o inicio dun longo camiño ata conseguir o noso principal obxectivo: conseguir que alumnado con necesidades educativas especiais que tivesen aptitudes musicais puidesen estudar no conservatorio de música. Non era tarefa fácil, xa que



os conservatorios de música son centros de réxime especial, onde os alumnos para poder entrar teñen que facer unhas probas de aptitudes musicais para iniciar os seus estudos no primeiro curso de grado elemental, ou de coñecementos musicais se queren acceder ao resto dos cursos. Son centros onde non existe a figura de orientador, onde non existe profesorado de apoio, coidadores, etc.

Este primeiro paso co concerto músico sensorial tiña un obxectivo, que era que o centro tivese un primeiro contacto con alumnos con necesidades educativas especiais e que estes, á súa vez, tivesen contacto coa música e o conservatorio. Organizouse un concerto onde actuaron distintas agrupacións do centro interpretando bandas sonoras de películas de debuxos animados e onde se proxectaban á súa vez imaxes das devanditas películas, todo iso presentado e dirixido por un contacontos. Ver a cara de felicidade destas persoas logo de dúas horas de concerto foi algo moi entrañable.

2. TALLER DE MUSICOTERAPIA.

Logo desta primeira toma de contacto pensamos que podíamos dar un paso máis alá. Para iso, un grupo de profesores do conservatorio

solicitamos ao Centro de Formación e Recursos do Profesorado da Coruña a creación dun grupo de traballo co obxectivo de achegarnos á musicoterapia. Á súa vez solicitamos á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que autorizase a creación dun taller de musicoterapia, para poder traballar cun grupo de alumnos con necesidades educativas especiais os coñecementos adquiridos no devandito taller.

Para seleccionar os alumnos puxémonos en contacto con varios centros e

asociacións da nosa cidade, para que nos enviasen os alumnos que eles consideraban capacitados para o proxecto.

Traballamos con alumnos de distintas características: síndrome de Williams, síndrome x-fráxil, autismo, síndrome de Down, etc. As sesións desenvolvéronse unha vez por semana en sesións dunha hora durante os meses de abril e maio. Queremos recalcar que o taller realizouse fóra do horario lectivo do profesorado implicado. O colofón de devandita experiencia foi o concerto que se celebrou o día 3 de xuño do 2011, onde os alumnos participantes





puxeron en escena un conto musical creado para a ocasión, actuaron coa banda xuvenil, o grupo de percusión do conservatorio, e xunto cos profesores e os alumnos de 2º de Bacharelato (xa que daquela o bacharelato na vía de música e artes escénicas impartíase no conservatorio).

Diferenzas entre a educación musical e a musicoterapia.

Un dos grandes problemas á hora de conceptualizar o termo musicoterapia é a súa confusión coa educación musical, un feito que leva a pensar que o profesor de música é un musicoterapeuta.

Hai diferenzas:

- En educación musical a música úsase como un fin en si mesmo (ensinamos a tocar un instrumento), pero na musicoterapia, a música úsase como un medio para producir cambios a nivel psicolóxico.
- As actividades en educación musical deséñanse para mellorar a calidade das execucións, pero en musicoterapia só se considera o valor terapéutico das execucións.
- En educación musical o encargado do proceso é un profesor, e en musicoterapia é un terapeuta. O profesor propónse capacitar para o desenvolvemento das habilidades musicais, mentres

que o terapeuta busca relacionar as experiencias musicais das persoas cos seus procesos de saúde.



Similitudes entre a educación musical e a musicoterapia.

- ✓ Ambas usan a música como elemento de traballo fundamental.
- ✓ Ambas usan a música como linguaxe e medio de comunicación.
- ✓ Ambas establecen unha relación interpersonal entre o educador ou musicoterapeuta e o alumnado.
- ✓ Ambas propoñen uns obxectivos a cumprir.
- ✓ Ambas usan un proceso sistemático, é dicir, teñen intencionalidade, organización e regularidade.
- ✓ Ambas propoñen execucións musicais.



3º. POR QUE NOS DECANTAMOS POR UNHA EDUCACIÓN MUSICAL?

Logo da realización do taller, e vendo as características do noso centro, consideramos que debiamos decantarnos por unha educación musical do alumnado con necesidades educativas especiais, xa que o acceso á musicoterapia pódese facer a través de asociacións, escolas de música ou dos propios centros educativos a través de actividades extraescolares. Ademais, a figura de profesor musicoterapeuta NOS CENTROS EDUCATIVOS non está contemplada na lexislación vixente.

Esta iniciativa de innovación educativa que supuxo a creación dunha aula para alumnado con necesidades educativas especiais, é pioneira na nosa comunidade autónoma, e no resto do país realizase soamente no Conservatorio Profesional de Música de Torrent (Valencia) e no Conservatorio Profesional de Música de Lucena (Córdoba). Este proxecto foi proposto ás administracións educativas durante varios anos e por fin viu a luz coa publicación da orde do 16 de decembro de 2011, pola que se autorizou a posta en marcha, con carácter experimental, dun proxecto para a incorporación de alumnado con necesidades educativas especiais as ensinanzas elementais de música no Conservatorio Profesional de Música da Coruña.

En dita orde autorizan a adaptación das probas de acceso para alumnado con necesidades educativas especiais.

Á súa vez, autorizaronnos a impartir un cursiño preparatorio para a proba de acceso, que se levou a cabo no terceiro trimestre do pasado curso, e a través do cal, os distintos profesores implicados no proxecto puidemos tomar contacto coas distintas capacidades que presentaban estes alumnos. Tanto na apertura como na clausura deste cursiño, contamos coa presenza do Conselleiro de Cultura e Educación Xesús Vázquez Abad.

Para o presente curso 2012/13 convocáronse 5 prazas en grao elemental en diferentes especialidades (piano, percusión, saxofón e tuba) para as cales se presentaron 16 rapaces con diferentes necesidades educativas especiais. As probas que realizaron en xuño de 2012, foron as mesmas que para o resto do alumnado e, varios deles, dadas as súas significativas aptitudes musicais, foron seleccionados para iniciar os estudos no conservatorio.

A formación musical destes rapaces supón un reto tanto para os propios alumnos e as familias como, por suposto, para o profesorado. Tivemos que adaptar as nosas clases, replantexarnos recursos e metodoloxías. Sen embargo, o esforzo comeza a dar os seus primeiros froitos. Xa puidemos disfrutar de varias actuacións, nas que estes alumnos compartiron escenario co resto de compañeiros e con algunha das agrupacións.



De feito, un dos momentos máis especiais e entrañables, vivíuse hai poucas semanas, coa súa participación no conto “Os músicos máxicos” que se puxo en escena o pasado 23 de maio de 2013 no teatro Colón dentro do “II Festival Arte pola Igualdade” que organizou a Consellería de Cultura, Educación e O.U. e no que o noso centro actuou xunto co Centro de Educación Especial María Mariño. Sobre as táboas do escenario, máis dun centenar de músicos (coros, orquestra sinfónica e agrupacións de cámara) xunto con actores debutantes. Música, danza e teatro serviron non soamente para unir ás artes escénicas, se non tamén para unir alumnos con distintas capacidades e mostrar as súas dotes artísticas.

BENEFICIOS DA EDUCACIÓN MUSICAL EN ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS.

Imos describir os beneficios que creemos que aporta a educación musical nestes alumnos/as.

Escoitar e facer música é unha experiencia que desde sempre se levou a cabo en todas as culturas; é unha práctica diversificada que afecta á persoa desde os aspectos psicolóxicos, biolóxicos, intelectuais, sociais e espirituais.

Expresar música, cantar, tocar instrumentos, moverse rítmicamente,



axúdalles a comunicarse e a interrelacionarse.

O obxectivo fundamental que se persegue é permitir que o alumnado se exprese a través da música, e poidan desenvolver determinadas competencias sociais e comunicativas que lle sirvan para mellorar a calidade de vida.

O “método” é a actividade en si mesma: “aprender facendo”, converter a actividade musical na protagonista da acción de tal xeito que o/a alumno/a ten que facer, ou intentar facer, todo o que poida coa música.

Preséntase con dúas finalidades claramente manifestas:

“MUSICAL”. Potenciar a escoita, a audición, e adquirir determinadas destrezas vocais, corporais, e instrumentais.

“NON MUSICAL”. A actividade musical é o medio, cun fin alleo a si mesma, para conseguir obxectivos relacionados coa discapacidade, e coa



intención de desenvolver destrezas comunicativas ou sociais, motrices, de atención, etc.

Outros obxectivos principais que buscamos:

Escoitar, prestar atención. Respetar as voces dos compañeiros, a quenda á hora de cantar ou tocar, aceptar as indicacións para cantar ou tocar en grupo.

Asistir a concertos ou a actividades musicais programados con finalidades didácticas, recoñecer e valorar outras músicas, outros instrumentos, outras manifestacións musicais folclóricas e populares.

A modo de conclusión queremos resaltar o seguinte:

Aprender a ler unha partitura e tocar un instrumento non é nada fácil porque no mesmo momento temos que ler as notas, ler a dinámica de como se han de tocar ou cantar (forte, piano...), escoitar aos compañeiros, manter un pulso estable, distinguir o valor das notas, expresar o que tocamos, acordarse da posición correcta do corpo co instrumento, manter unha disciplina, tocar en público...

Todo isto supón un esforzo enorme de concentración. Se estes beneficios descritos, trasladámoslos á vida cotián do alumnado con necesidades educativas especiais... invitámoslos a que vostedes mesmos saquen as súas propias conclusións.



NACE UNHA BANDA

Francisco Javier López Sánchez, director da Banda Infantil

O presente curso 2012/13 foi o elixido para que un proxecto tan bonito e ilusionante como necesario para a educación integral de calquera músico, vira a luz e comezara a súa andaina.



Este proxecto non é outro que a creación da Banda Infantil do Conservatorio Profesional de Música da Coruña.

Esta agrupación, formada por 50 alumnos e alumnas de 2º, 3º e 4º de grao elemental, vén a encher o oco que existía no noso centro en canto a agrupacións para alumnado de vento e percusión se refire.

Non é nada sinxelo formar unha agrupación destas características, integrada exclusivamente por alumnado

de grao elemental. Poucos conservatorios poden permitirse isto, pero as peculiaridades do noso fixérono posíbel, conseguindo así levar á práctica unha idea que comezara a formarse algúns anos atrás.

É xusto comezar dando as grazas aos que fixeron posíbel este “nacemento”, comezando polo equipo directivo que perseguíu este proxecto con ilusión e responsabilidade académica.

Persoalmente agradézoilles a confianza que depositaron en min; síntome moi afortunado e orgulloso. Grazas aos profesores e profesoras que me axudan de maneira activa en cada ensaio: Noemí Concheiro, profesora de frauta, Javier Lloréns profesor de bombardino e Miguel Castro, profesor





de percusión. E, como non, agradecer tamén a todo o profesorado que nos axuda desde as súas aulas facendo posíbel que todos estes nenos e nenas rindan ao máximo das súas posibilidades. Sen todos eles este proxecto non tería sido posíbel.

habilidades para traballar en equipo (fundamental para alcanzar o éxito na vida), desenvolver a coordinación traballando con outros para facer música, espírito de sacrificio polo grupo fronte ao interese propio, así como agudizar a atención ao ter que



E por último o maior dos meus agradecementos para os verdadeiros protagonistas, aos alumnos e alumnas, e por suposto ás súas familias, polo apoio, cariño e colaboración que demostraron desde o comezo. Colaboración moi de agradecer xa que a participación nesta actividade non é obrigatoria debido a que se presenta fóra do currículo oficial e, polo tanto, supón unha carga lectiva extra para todos eles.

Por todos son sabidos os beneficios que aporta a unha persoa tocar un instrumento, pero facelo nunha agrupación eleva todavía máis ditos beneficios: aprender a cooperar con outros integrantes e desenvolver

seguir unhas indicacións comúns, todo isto fai que o alumno medre tanto musical como persoalmente. Pero a mellor recompensa que como profesores podemos ter é comprobar que actividades como esta convértense nun soplo de aire fresco, unha ilusión engadida ao esforzo que cada alumno e alumna fai a diario e que isto lle permite disfrutar dunha maneira máis activa e intensa deste marabilloso mundo que é a música.

Aínda que a nosa presentación oficial foi o pasado 20 de marzo no Palacio da Ópera, no mes de decembro atrevémonos a dar o noso primeiro concerto no auditorio do conservatorio. Disfrutamos e, cónstame, fixemos disfrutar aos que



viñeron compartir con nós ese momento. Puidemos demostrar o traballo realizado en tan so un par de meses de actividade intensa, nos que ademais de pasalo ben aprendemos todos moitísimo.

O resultado musical desde o primeiro momento foi fantástico. Sorprendémonos todos gratamente ao comprobar como alumnado sen demasiada experiencia musical rendía dunha maneira óptima. Foron capaces de suplir esta falta de experiencia con ilusión e gañas; fixeron sinxelo o que, a priori, parecía complicado. Sen dúbida demos e daremos moitos máis concertos na nosa vida musical, pero ese primeiro sempre terá un lugar especial no noso recordo.

Na nosa presentación oficial actuamos xunto co resto de agrupacións do centro no Concerto Solidario “Viaxe cara á vida” a

beneficio da ONG Tierra de Hombres que foi celebrado o día 20 de marzo no Palacio da Ópera. Brindóusenos a posibilidade de colaborar coa nosa música nun proxecto do que calquera sentiríase orgulloso. Ademais tivemos a oportunidade de cantar, na peza "El Caracol MIFASOL" de Ferrer Ferrán, co coro de grao profesional do noso conservatorio, unha experiencia que nos encantou.

E pecharemos este curso tan especial cun novo concerto: será o 12 de xuño no auditorio do conservatorio. Servirá tamén de despedida para o alumnado de 4º de grao elemental que, no próximo curso, pertencerá á Banda Xuvenil. Compartir con vós este curso foi todo un luxo que nunca olvidarei.

A Banda Infantil do Conservatorio Profesional de Música da Coruña é xa unha realidade da que todos podemos sentirnos orgullosos.





CAMPAÑA DE RECOLLIDA DE TAPÓNS DE PLÁSTICO

Isabel Gómez Alonso, profesora de linguaxe musical

Tras a exitosa campaña do curso pasado “Toma nota cada tapón anota!”, este ano organizamos a recollida de tapóns de plástico para Lola, unha rapaciña de Cambre con parálise cerebral que solicitou a colaboración do noso centro.

A recollida de tapóns de plástico converteuse xa en moitas casas nun sano costume, xa que ao valor ecolóxico da reciclaxe de plásticos súmase a posibilidade de poder axudar a unha familia que precisa da colaboración cidadá para costear os tratamentos médicos da súa filla.

Ademais da reciclaxe de tapóns, cómpre lembrar que tamén se recollen teléfonos móbiles e cartuchos de impresora. Todos eles serán benvidos nas caixas dispostas na entrada do conservatorio. Grazas a tod@s pola vosa colaboración!



YO TAPONEO
Y ¿TÚ?





ADOLPH ‘BUD’ HERSETH O GRAN TROMPETISTA DA ORQUESTRA SINFÓNICA DE CHICAGO (CSO) MORRE AOS 91 ANOS

Miguel Ángel Pardo Teijeiro, profesor de trompeta

Habería que ter máis de 75 anos para adquirir vivas lembranzas da Orquestra Sinfónica de Chicago antes que Adolph “Bud” Herseth axudara a crear a fama actual dunha das máis grandes entidades musicais do mundo.

“Bud” (para todo o mundo, dende os seus compañeiros de toda a vida ata os radioíntes que nunca o viron en persoa, chamábase “Bud”) incorporouse como trompeta principal en 1948, ós 26 anos de idade, e mantivo esa praza durante a sorprendente marca de 53 anos, permanecendo como “Trompeta Principal Emérito” durante tres temporadas máis e sen xubilarse da orquestra ata pouco antes do seu aniversario no 2004.

Asistiu de maneira regular á Sala de Concertos da Orquestra ata este ano, cando a súa saúde deu un inesperado cambio.

O señor Herseth, que faleceu o sábado 13 de Abril do 2013 á idade de 91 anos na súa casa en Oak Park, foi fundamental na época das gravacións da CSO. Dende a década dos 1950 e comezos dos 60 baixo a



Adolph Herseth tocando coa Sinfónica de Chicago

dirección de Fritz Reiner, formou un vínculo inquebrantable co sucesor eventual de Reiner, George Solti, cando este comezou cunha serie de exitosas xiras europeas e mundiais, e aparicións no Carnegie Hall.

“A súa vida foi longa, ben vivida e repleta de extraordinaria música”, dixo nunha declaración Deborah Rutter, a presidenta da CSO. “A súa contribución á música clásica, a arte de tocar a trompeta e sen dúbida, á CSO é incalculable”.

O son dos metais que chegou a ser tan característico de Chicago xurdiu



do virtuosismo, vigor e claridade aparentemente sobrenaturais do Sr. Herseth e o seu colega falecido, o tuba principal Arnold “Jake” Jacobs.

“A calidade do seu traballo coa CSO foi un feito sen precedentes”, dixo en días posteriores John Hagstrom, o segundo trompeta da orquestra. “Era un modelo a imitar para practicamente cada trompetista aspirante que algunha vez o escoitou tocar. El estableceu os patróns da excelencia, e foi incansable en canto a ética de traballo e en fixar altas expectativas para si mesmo ao longo de moitos anos como intérprete”.

Xunto co trombonista Jay Friedman, aínda principal da CSO, o trompista Philip Farkas na época de Reiner e despois Dale Clevenger liderando a sección dende os anos de Jean Martinon ata o seu anuncio de xubilación, a sección de metal de Chicago atraía acólitos e podían asegurar que só os mellores instrumentistas realizaban audicións aquí. Eles abordaron e defenderon con frecuencia os temibles estándares orquestrais de referencia que estaban baseados ante todo en ser “Músicos de Orquestra de Sección” e “Solistas” respectivamente.

Herseth declinou da carreira de solista, aínda que interpretou solos memorables e un pequeno número de concertos para o seu instrumento coa CSO. O seu son en “Repertorio Orquestral” e gravacións de referencia da CSO como o “Promenade” nos

“Cadros dunha Exposición” de Mussorgsky e a “Quinta Sinfonía” de Mahler era inconfundible.



Tanto na casa coma no estranxeiro, os directores invitados da CSO verían multitude de xente na entrada dos camerinos despois dun concerto que lles facían caso omiso xa que se apresuraban cara o señor Herseth en busca dun autógrafo, unha aperta de mans ou unha petición de cita para una clase privada.

O señor Herseth nunca se sentiu unha celebridade, e especialmente nos últimos anos podía incluso ser arisco cos seus seguidores, pero a eles parecía non lles importar. Nunha xira polo Xapón correron cara a el por un longo corredor coma se se tratara dos Beatles e o señor Herseth empezou a espantalos coma se dun inoportuno enxamio de abellas se tratara.

Cando se organizou o concerto con motivo da súa xubilación, foi todo un reto pra os organizadores da CSO atopar a maneira de agradar en



honrar ó señor Herseth sen dar a impresión de que “lle tocaban o seu instrumento” como el adoitaba dicir. Básicamente, a participación de Doc Severinsen seis anos máis novo ca el e cunha admiración mutua entre eles como instrumentistas, asegurou ó señor Herseth que a combinación de actuacións, pequenos tributos e incluso o debut do propio Herseth no auditorio dirixindo algúns fragmentos para metal de Gabrieli non se trataba de algo para a autocomplacencia ou evento de falsas gabanzas.

Hagstrom, que sentou xunto o señor Herseth durante varios anos, lembraba; “Adoitaba poñerse encarnado como una remolacha cando tocaba. Poñíase moi encarnado, case morado. Quizais fose porque medrara no frío de Minnesota, non o sei... Preocupábaste, pero el estaba ben”.



En consonancia coa súa dedicación ao repertorio orquestral e de grupo de metais, fixéronse gravacións famosas con seccións doutras das principais orquestras. O sr. Herseth podía moldear e adaptar o seu son á man do director, e tanto Daniel Barenboim coma Pierre Boulez, moi diferentes de Solti, disfrutaron da súa colaboración durante moito tempo. Incluso O sr. Herseth ofreceuse como profesor nos primeiros tempos da Barenboim's West-Eastern Divan para novos músicos árabes e israelís. Pero era Solti o que sempre lle chamaba “O meu mestre” ou incluso “O meu capitán”.

Uns anos despois da morte de Solti en 1997, cando a orquestra fixo unha xira europea con Barenboim que incluía Budapest, cidade natal de Solti e onde está a súa sepultura, o sr. Herseth e a viuda do Director,

Valerie Solti, organizaron unha visita ao cemiterio onde foi enterrado Solti, preto do gran compositor húngaro Bela Bartok. O sr. Herseth non levaba trompeta pero sempre tiña a súa boquilla, e con ela tocou unha evocadora e delicada interpretación dun “Toque de queda”.

Ao sr. Herseth vívenlle aínda a súa muller, Avis; dous fillos, Christine Hofer and Stephen; seis netos, e cinco tataranetos. En vez de flores, a familia pediu donacións á ‘Chicago Symphony Orchestra’, ‘Luther College’, ou á ‘West-Eastern Divan Orchestra’.




COMENTARIO SOBRE O MÉTODO ELECTRO SCHOOL

Mateo Arnaiz Rodríguez, profesor de guitarra

O método de guitarra eléctrica "ElectroSchool" é un libro publicado pola editorial Galinova no ano 2011, os autores son Sergio Pena e Domingo Rodríguez.

Trátase dun libro que xurde coa finalidade de crear un material didáctico que permita dar os primeiros pasos no estudo deste instrumento.

Dende o primeiro contacto, podemos observar que visualmente está moi ben deseñado, xa que conta con debuxos moi atractivos para a vista e nos que os rapaces se recoñecerán sinxelamente. Atopámonos ante un método moi progresivo que se inicia coa descrición das partes do instrumento e os materiais necesarios para a práctica da guitarra eléctrica.



Se analizamos a súa estrutura, podemos comprobar que a aprendizaxe realízase en primeiro lugar por cordas e sempre con exercicios creados para a práctica dos conceptos presentados. Moi rapidamente pasamos a traballar acordes e escalas, polo que necesitaremos un certo grao de destreza na man esquerda. É importante suññar que se potencia a creatividade do alumno buscando a creación das súas propias obras ou melodías. No apartado final encontraremos algunhas recomendacións de estudo. Tamén cómpre sinalar as pequenas notas históricas que permitirán aos estudantes a familiarización coas orixes da linguaxe e do instrumento. O CD que atopamos xunto co libro será de moita utilidade para que poidamos avanzar con máis facilidade.

O prólogo está realizado polo guitarrista Alberto Cereijo, compoñente do mítico grupo ourensán "Los Suaves", quen apoia e fundamenta a necesidade dun material didáctico como o que constitúe este libro.

En definitiva, trátase dun libro moi recomendado para aqueles estudantes que desexen aprender a guitarra eléctrica dende os primeiros pasos. A súa realización en galego outorgarlle un valor engadido, posto que non existen métodos de similares características escritos en lingua galega, o que permite aumentar os instrumentos metodolóxicos para a realización da tarefa dos profesores.



ASÍ NACEU “A CORUÑA É UNHA SEREA”

con textos de Antón de Santiago e música de Fernando Vázquez Arias

Fernando Vázquez Arias, profesor de fundamentos de composición

En 1992 recibo o encargo de arranxar 10 cancións galegas para barítono solista, cuarteto de cordas, frauta, óboe e piano, para ser incluídas nun disco de música galega. Cando estivo rematado o traballo, a xerencia da casa de discos quixo que escribíramos conxuntamente (texto e música) unha canción orixinal para completar o disco recopilatorio. É así como nace “A Coruña é unha Serea”, unha peza de inspiración galega que reflicte o axetreo e o lirismo coruñés.



**Fernando Vázquez Arias
(compositor)**



A Coruña é unha serea

(Para Barítono e piano)

Andante

Texto: Antón de Santiago

Música: Fernando V. Arias

Barítono

piano

8^{va} alta

f

Cadenci

ru - ña -

¡Ah

Co - ru - ña

5

f

Allegro

8

A Coruña é unha Serea - 1



A LA LÁ

13

18

23

A Coruña e unha Serea - 2



A LA LÁ

28

1 Den-dea Pe - na da Ma -
2 Den-de - do al - to do
3 Den-dea Pa - sa xea ta a
4 Den (dea) Pra- za Ma -ria

p

33

ro - la - A Co - ru - ñaén - ha se - re - e - a
fa - ro
to - rre
Pi - ta

f

38

De di - a re - lo - ceen
ten o a - rro - lo - das
cor - po de pei - xe no
ten co - ra - zón de he roi

p

A Coruña e unha Serea - 3



A LA LÁ

so — les — de noi — te ful — gor dees tre e las —
on — das — ga lou — mi — no das mā — re — e — as —
Mu — ro — mu — ller na — ci — da — de ve — e — lla —
i — na al — ma de mu — ller ga — le — ga —

43

i Ai, Co — ru — ña — cib — dá

48

me-i ga — en — tra — ña — ble — Ma — ri — ne — da

53

A Coruña e unha Sereia - 4



A LA LÁ

trans - pa - ren - cia - sen - sual de cib -

58 *mf*

1.

dá de cris - tal

63 *p*

2. $\text{♩} = \text{♩}$

tal Co -

68

A Coruña e unha Serea - 5



A LA LÁ

cresc co *Rubato* *rit*

ru - ña, Co - ru - ña, cib - dá de cris - tal — be - li - da dur

cresc co *Rubato* *rit* *cresc*

73

f

min - tea co - cha - da - no mar — ¡Co - ru - ña, Co - ru - ña, fer -

f

78

le

mo - sae lan - zal — o ven - to - ma - rei - ro qué re - tees per

83

A Coruña e unha Serea - 6



A LA LÁ

Tranquilo

- tar cum bi - co sen - ti - do

espressivo

88

- deo len - te nor - dés Ga

accel.

rit

93

To Coda

la - na se - re - a queen gue

a tempo

rit.

98

A Coruña e unha Serea - 7



A LA LÁ

Allegro D.S. repite y al Coda

de llos tes

f
a tempo

103

Coda

gue de llos tes

rit.
rit.
a tempo

106

ff

110

A Coruña e unha Serca - 8



A LA LÁ

O RECUNCHO DA CREATIVIDADE



De: Sofia Valentin

ROSALÍA
DE
CASTRO



150

Aniversario

cantares

galegos

Raquel Torres Díaz 2º C



A LA LÁ

"A primavera encantada" Lucía Aurora Ramos

Allegro $\text{♩} = 96$

Xogos da Alegría

María Vázquez Arjomil 2º G.E.



A LA LÁ

cabaiño de mar

8ª alta
mf moderato
8ª alta
rit
8ª bassa
p
8ª alta
mf a piacere
f
8ª alta
15ª alta
rit
8ª bassa
p
Raquel Torres Díaz 2ª g. elemental

Descanso

23-X-2012

Luis Penas Varela
1º Grao Elemental

Eu tra - ba - llo es - tu - do no do - min - go



A LA LÁ

Amizade

Handwritten musical score for guitar, titled "Amizade" in red. The score is written on four staves, each with a treble clef and a 4/4 time signature. The first staff has a dynamic marking of *mf* and a signature "María Varquez A." with a date "2006". The second staff also has a *mf* marking. The third staff has a *mf* marking and a bracket labeled "SALTA" above it. The fourth staff has a *mf* marking. The score ends with a double bar line and a fermata.

Flor de Loto

Guitarra

David Rial García

Adagio

Handwritten musical score for guitar, titled "Flor de Loto". The score is written on two staves, each with a treble clef and a 2/4 time signature. The first staff has a dynamic marking of *p*. The second staff has a dynamic marking of *p* and a measure number "5" at the beginning. The score ends with a double bar line.

Soños

Guitarra

Whitney Perera Barthelemy

1º Grao Elemental

Moderato

Handwritten musical score for guitar, titled "Soños". The score is written on two staves, each with a treble clef and a 2/4 time signature. The first staff has a dynamic marking of *p* and a measure number "5" at the beginning. The second staff has a dynamic marking of *p* and a measure number "5" at the beginning. The score ends with a double bar line. The lyrics are written below the staves: "Se ti que - res so - ños be - los" and "pe - chaos o - llos tes que so - re - ir".



Teño sede

Luis Penas Varela
1º Grao Elemental

Moderato

Voz

Te - ño se - de moi - ta se - de

Guitarra

5

que - ro au - ga te - ño se - de

5

Misterio

Guitarra

Denís González Peteiro
1º Grao Elemental

Andantino

5

9

13

17




A LA LÁ



Eu cantareiche un arrolíño, meu neníño,
para que quedes durmidoíño, durmidoíño.

Porque despois dun día canso,
de tanto xogar e xogar,
precisas descansar.

Raquel Torres Díaz 2ºC



A PEDRA DO MUIÑO SOA,
E ALÍ BAILA A MUIÑEIRA.
E MENTRES O MUIÑO SOA,
AO SON BAILA A MUIÑEIRA,
E DALLE, DALLE A CADEIRA.

NOA ORTEGA



A BURRIÑA

Vexo que ven a burriña
tamén ela vai cantando
imos xogar esta tarde
porque o sol xa está brillando.
A burriña é moi bonita
e cando estou chorando
penso que debe entendelo
porque se queda mirando.

Susana García Pico

O vento mariñeiro
Asemellaba un gaiteiro,
Tocando o canto de reis
Entre todos os aneis,
Do rei Dezaseis

Miguel Fernández Lema

CANTOS DE REIS

O canto de reis estaba soando,
Semellaba ser un paxariño piando
A xente sen sabelo estaba buscando,
A todos aqueles que estaban cantando

Miguel Fernández Lema

DANZAS GALEGAS

Xa estamos todos
para bailar as danzas galegas,
arredor dos nosos,
esperando a que cheguen as estrelas.
O sol se vai,
a lúa chega,
coa enerxía da danza galega.

Inés Iglesias Louzao

PANDEIRADA

Tocando unha pandeirada
con pandeiros e pandeiretas.
Tocando unha pandeirada,
porque mañá é festa.

Adriana Paradela Mariño

CANTOS DE LABOR

O meu pai é avogado
a miña nai profesora
o meu irmán enxeñeiro
eu quero ser pintora.

Sofía Cernadas Rodríguez

O labor hai que facer,
para logo poder comer.

Sofía Valderruten Cordero

TOCATIÑA

Hoxe as campás
van celebrar
o día de pascua
mais San Tomás.
Nestes días
é propio de soar
como unha tocatiña
que ven do mar.

Irene Gallego Noya

OS PAXARIÑOS

Cantan os paxariños
na veira do val
cancións populares
para ir pescar.
Eu non sei por qué cantan
mais ti sí...
Cantan porque están contentos
do conservatorio ir.

Irene Gallego Noya

Os paxariños voaban ao
parque
Os paxariños afastábanse
da súa árbore
Chegaron ao parque e
posáronse nunha pola
dunha árbore que daba
froitasfermosas.

Adriana Paradela Mariño

Pola mañá espértanme
os paxariños cantando
vai chegar a primavera
eu contigo estou soñando.
Dinme os paxariños:
- Veña, vaite levantando
xa foron durmir as estrelas,
a noite xa foi pasando.

Susana García Pico

A BOLBORETA

Voa voa bolboreta
voa voa que te vou pillar
bonita bolboreta de ás azuis
e longas antenas.
Agora non é de broma
voa voa que te voa
jaja, vaia broma
ven aquí miña bolboreta
que nos imos a Roma.

Áurea Traba Rodríguez




A LA LÁ

Fa

Encruillado musical.

Horizontais

Mi



- 1 Instrumento musical de vento formado por un tubo de madeira ou metal con varios buratos redondos.
- 2 Instrumento musical de vento constituído basicamente por un fol en forma de caixa que leva colocadas unhas palletas nas laterais que son accionadas con teclas ou botóns.
- 3 Instrumento de vento, da familia dos oboés de tubo cónico, longo e de palleta dobre.




Verticais

- 1 Instrumento musical de vento, de sonoridade brillante que consiste nun tubo que se anchea.
- 2 Instrumento musical que ten cordas metálicas no interior dunha caixa sonora e un teclado unido a uns muros que as baten.

Do

Re

Adiviña a palabra



- ☐ _ _ _ _ _ Investigador que se dedica ó estudo teórico da música.
- ☐ _ . _ _ _ Profesional da música que se dedica a ela.
- ☐ _ _ _ _ _ Instrumento musical de vento, de metal, formado dun tubo cónico con forma de U.
- ☐ _ _ _ _ _ Obxecto que suxeita as partituras.
- ☐ _ _ _ _ _ Época dalguñs compositores como, por exemplo Bach.
- ☐ _ _ _ Compositor de música mundialmente coñecido que compuxo por exemplo "Campanitas".

la

Sol

3

4

RAQUEL TORRES DIAS




Sopa de letras.

Busca o nome de oito compositores

V	H	A	T	K	O	L	N
E	L	C	H	O	P	I	N
R	E	S	Ñ	T	Z	K	A
D	V	N	N	R	F	E	M
I	A	B	D	A	O	I	U
L	R	O	Y	B	A	C	H
M	O	Z	A	R	T	A	C
X	L	E	H	Q	C	U	S

Enrocillado musical?

1. Improvisito.
2. Serve para facer círculos.
3. Bebida; refrescante.
4. De pel clara.
5. Persoa con poder.
6. Tipo de balea.
7. Delicado.
8. Vestimento de pesas de ferro.




Olivia Illán Lorenzo G.E 2ºc.




Encrucillado

1. Semi + corchea
2. brando - do + ca
3. punto - o + illo
4. Sinónimo de Contraseña
5. Negoción + ta
6. Sinónimo de algo
7. Trompa - a + eta



Sudoku




En cada recadro tienen que estar las 6 figuras sin repetir ninguna, igual que en cada línea.

Descubriendo o instrumento



SOFIA VALDERRUTEN CORDERO

[illegible]



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Conservatorio Profesional de Música

Praza do Conservatorio, s/n 15011 A CORUÑA

Telf. 981 276 800 - Fax 981 276 767

cmu.s.profesional.coruna@edu.xunta.es

centros.edu.xunta.es/cmusprofesionalcorunha